

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE XUÑO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2019.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción das actuacións de mellora da estrada PO-235, 2ª fase, coa clave PO/15/058.10.2, no concello da Lama.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Ourense para a reforma do pavillón dos Remedios, cun investimento dun millón novecentos oitenta e sete mil catrocentos setenta e nove euros con cincuenta e nove céntimos (1.987.479,59 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba a Guía de boas prácticas para actuacións de tendido da rede de Fibra Óptica en contornas urbanas de especial protección e Conxuntos Históricos de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e ACEESCA, Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil trescentos sesenta euros (21.360 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das comarcas do Barbanza e Noia Amicos para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de agosto de 2016 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación A Esperanza do Val Miñor, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de novembro de 2016 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Uniwersytet Warszawski (Varsovia-Polonia) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario, por importe de catrocentos setenta e oito mil euros (478.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre os medios da Unidade de Policía Adscrita (UPA) na campaña de verán no Pladiga 2019.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre os resultados das medidas impulsadas pola Xunta de Galicia a través do programa Unidades formativas para empresas.
- Informe sobre as propostas presentadas pola Xunta de Galicia para a planificación da Rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2021-2026.

MARISA CRESPO, TERESA PORTELA, JEANNE PICARD, BENEDICTA SÁNCHEZ E AS REDEIRAS DE GALICIA, GALARDOADAS COA MEDALLA CASTELAO 2019

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se concede esta distinción a aqueles galegos e galegas cuxa obra, en calquera faceta da actividade humana, se considera merecedora do recoñecemento de toda Galicia.

Estas distincións serán entregadas, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño.

MARISA CRESPO

Nada no Concello ourensán de Cea en 1961. Estudou Medicina na Universidade de Santiago de Compostela e é especialista en Cardiología pola Clínica Puerta del Hierro de Madrid. Obtivo o doutorado pola Universidad Autónoma de Madrid. Desde 1993 traballa no Servizo de Cardiología do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, onde actualmente dirixe a Unidade de Insuficiencia Cardíaca e Transplante Cardíaco.

É profesora titular de Medicina na Universidade da Coruña. Ademais, coordina o Grupo de Investigación de Insuficiencia Cardíaca Avanzada e Transplante Cardíaco do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña; é xefe de grupo no CHUAC do Centro de Investigación Biomédica en Red Cardiovascular; e é a coordinadora do Rexistro Español de Tumores post-transplante cardíaco. Tamén exerce responsabilidades en distintas sociedades científicas.

TERESA PORTELA

Nada no Concello de Cangas do Morrazo en 1982, é unha deportista que compite en piragüismo, concretamente na modalidade de augas tranquilas. Os valores do seu esforzo, a constancia e a superación foron claves na súa traxectoria.

No seu palmarés conta con 14 medallas no Campionato Mundial de Piragüismo entre o 2001 e o 2015. Tamén obtivo 17 medallas no Campionato Europeo de Piragüismo entre o 2001 e o 2013. Ademais, participou en 5 Xogos Olímpicos de verán entre os anos 2000 e 2016 nos que obtivo 5 diplomas.

REDEIRAS DE GALICIA

As redeiras de Galicia son profesionais que se dedican á confección, reparación e mantemento de artes e aparellos de pesca. Actualmente esta profesión, que desenvolven nun 84% mulleres, está envellecido por falta de remuda xeracional.

En Galicia existen 8 asociacións que agrupan a case 150 redeiras dos portos de Cariño, Cedeira, Corme, Malpica, Cambados, Portosín, Cangas e A Garda. A maioría agrúpanse na Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", que ten entre os seus obxectivos o de visibilizar o traballo das redeiras, loitar contra a intrusión laboral ou garantir a remuda xeracional.

JEANNE PICARD

Nada en París en 1943, vive en España desde 1963. Fundou Stop Accidentes España despois de que no ano 2000 un dos seus tres fillos falecera aos 33 anos nun accidente de tráfico ao ser embestido o seu vehículo por outro coche.

Actualmente é a secretaria e delegada de Stop Accidentes en Galicia, que creou xunto con outras nais que se atopaban na súa mesma situación. Entre os obxectivos da entidade están: a prevención da violencia viaria en todas as súas formas para conformar un espazo de diálogo e debate coas institucións; prestar apoio e asesoramento ás vítimas e ás súas familias, optimizar as reivindicacións e crear iniciativas que impulsen a cultura da seguridade viaria.

BENEDICTA SÁNCHEZ

Naceu no Concello do Corgo, en Lugo, hai 83 anos. É unha das actrices da película *O que arde*, de Óliver Laxe, recentemente galardoada no Festival de Cannes. Ata a súa participación neste filme nunca antes actuara ante unha cámara nin fixera cine, aínda que sempre tivo interese pola cultura.

Foi boa estudante, aínda que tiña que compaxinar ese traballo co coidado das vacas e ovellas da casa, e encantáballe ler. Tras emigrar a Brasil, volveu a España coa súa filla, que foi quen a animou a presentarse ao cásting para a película. No Festival de Cannes posou ante os fotógrafos e bailou unha muiñeira amosando a nosa cultura nun dos festivais máis prestixiosos do mundo.

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DA 2ª FASE DE MELLORA DA ESTRADA PO-235, ENTRE OS NÚCLEOS DE ANTAS E SEIXIDO, NO CONCELLO DA LAMA

- ***A Intervención dispón dun orzamento de máis de 1,5 millóns de euros, aos cales se engaden máis de 40.000 euros para o pagamento dos 109 predios necesarios para dar continuidade ao tramo de máis de 2 quilómetros rematado en outubro de 2018***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras no verán e procederá ao levantamento de actas previas no terceiro trimestre de 2019***
- ***A nova intervención comprende actuacións en dous subtramos que suman máis de 5 quilómetros e inclúen a ampliación da plataforma da estrada ata acadar os 6,5 metros e a rectificación de curvas, entre outros traballos***
- ***Estes traballos dan continuidade aos acometidos na 1ª fase de mellora desta estrada ao seu paso polo municipio pontevedrés, sumando un investimento que supera os 2,1 millóns de euros***
- ***O Executivo autonómico impulsa estas obras para mellorar e conservar a rede viaria autonómica, facendo estradas cómodas e máis seguras para todos os seus usuarios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras da 2ª fase de mellora na estrada autonómica PO-235 ao seu paso polo concello da Lama.

Esta actuación conta cun orzamento autonómico que supera os 1,5 millóns de euros, aos cales se engaden máis de 40.000 euros para o pagamento dos 109 predios necesarios para a execución desta intervención entre os núcleos de Antas e Seixido.

A intervención ten por obxecto o alargamento e a mellora desta estrada autonómica, no tramo comprendido entre Antas, no punto quilométrico 11+870, e Seixido, no p.q.18+000. A actuación completa así a mellora xa realizada nesta estrada, que nunha 1ª fase realizou melloras no treito máis próximo a Seixido, ao longo de máis de dous quilómetros, e que foron rematadas en outubro de 2018.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación destas obras no verán e prevé o levantamento de actas previas no terceiro trimestre de 2019

En concreto, a nova actuación esténdese desde a travesía de Antas, no p.q. 11+870 a 15+560, e continúa no p.q. 15+740 ata o punto quilométrico 17+200, desde o que se actuou coa obra xa rematada na parroquia de Seixido.

Nesta segunda actuación o proxecto autorizado polo Executivo autonómico prevé intervir nestes dous subtramos da vía autonómica, que suman máis de 5 quilómetros, ampliando a plataforma da estrada ata os 6,5 metros, fronte aos 5 metros actuais.

As obras previstas tamén permitirán a rectificación das curvas de menor ratio, a extensión dunha nova capa de rodada en todo o tramo, e a drenaxe transversal da plataforma. Ademais está proxectado o tendido e revestimento das cunetas, nos tramos que resulte conveniente, e completarse coa disposición de sinalización horizontal, vertical e de balizamento e defensas.


Nas dúas fases de mellora desta estrada, o Goberno galego vén investir máis de 2,1 millóns de euros, xa que na primeira fase de acondicionamento desta estrada dispuxo un orzamento de 600.000 euros. Nesta 1ª fase actuouse ao longo de máis de 2 quilómetros da vía, ampliando esta, rectificando as curvas e mellorando a seguridade viaria e a comodidade na circulación.

Esta obra permitiu a ampliación transversal dos pontóns situados nos p.q. 15+630 e 17+300, mellora do trazado das curvas de acceso aos ditos pontóns, ampliando o seu ratio e tamén se acondicionou a estrada desde a saída do pontón do punto quilométrico 17+300 ata o final da vía, no núcleo de Seixido. Neste punto ampliouse a sección transversal e estendeuse unha nova capa de rodada.

O Executivo autonómico con estas actuacións continúa a traballar para mellorar e conservar a rede viaria autonómica, ofrecendo unhas estradas cómodas e seguras para todos os seus usuarios e fomentando o desenvolvemento económico e social dos concellos.

No seguinte plano amósanse as zonas de intervención:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



O CONSELLO AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REFORMA DO PAVILLÓN DOS REMEDIOS NO SEU 50 ANIVERSARIO

- ***A Secretaría Xeral para o Deporte financiará estas actuacións na súa integridade cunha achega económica próxima aos 2 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ourense que establece as bases de colaboración entre as partes signatarias e fixa a achega económica que fai posible levar a cabo as obras de reforma do pavillón dos Remedios cun investimento próximo aos 2 millóns de euros (1.987.479 euros).

Deste xeito, a Secretaría Xeral para o Deporte financiará estas actuacións na súa integridade mentres que o Concello de Ourense non levará a cabo ningunha achega económica. Neste primeira anualidade de 2019, a Xunta de Galicia achegará a cantidade de 500.000 euros e na anualidade de 2020 sufragará os restantes 1.487.479,59 euros.

O proxecto que se vai acometer será unha remodelación profunda, estética e funcional que actuará sobre diversos aspectos do complexo deportivo. Deste xeito levarase a cabo a reforma dos ximnasios, do vestíbulo e dos espazos de comunicación, a dotación de novos vestiarios, así como a adecuación dos existentes, a dotación de tres grandes salas polivalentes (actividades dirixidas, formación e lecer), a reordenación dos espazos da piscina de 25 metros Pedro Escudero, a adaptación normativa en materia de accesibilidade e a unificación da fachada orientada á avenida Pardo Cela e á Ponte Romana.

O Complexo Deportivo dos Remedios, inaugurado en 1969, é unha instalación municipal referente para a vida deportiva, social e cultural da cidade de Ourense. Conta cun amplo volume de utilización, cun rexistro de máis de 40.000 accesos mensuais, dotado de múltiples servizos deportivos, dúas piscinas, un spa, dous pavillóns polideportivos cubertos, un campo de fútbol, un módulo de atletismo, un ximnasio, unha sala de musculación e pistas exteriores.

Debido á deterioración lóxica que sufriron os seus espazos co paso do tempo e por tratarse dunha infraestrutura referente localizada na entrada principal da cidade, nunha zona emblemática entre a Ponte do Milenio e a Ponte Romana, cómpre renovar, adaptar e adecuar o edificio ás novas necesidades, implementando esta remodelación estética e sobre todo funcional, en 2019, ano en que esta instalación cumpre 50 anos.

A Secretaría Xeral para o Deporte continúa a súa aposta decidida pola mellora das infraestruturas deportivas da cidade de Ourense despois de inaugurar o pasado 16 de decembro a pista cuberta como unha instalación referente do atletismo nacional, na cal investiu máis de 3,5 millóns de euros. Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte tamén

traballa na creación do novo parque acuático do complexo deportivo de Monterrei, en que se prevé un investimento de 9 millóns de euros.

A XUNTA APROBA UN CATÁLOGO DE SOLUCIÓNS PARA FACILITAR A EXTENSIÓN DE FIBRA ÓPTICA EN CASCOS HISTÓRICOS

- *O documento elaborado pola Amtega, Retegal e a Dirección Xeral de Patrimonio ofrece alternativas como o trazado por cornixa, o soterramento ou o despregamento da fibra óptica a través das redes de saneamento*
- *A publicación da guía vai acompañada de medidas xurídico-administrativas que permitan axilizar a aprobación dos proxectos dos operadores nestas zonas*
- *Ademais, solicitarase ao Estado a clasificación dos cascos históricos como “zonas brancas” para que poidan optar ás subvencións públicas*

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a “Guía de boas prácticas para actuacións de tendido da rede de Fibra Óptica en contornas urbanas de especial protección e Conxuntos Históricos de Galicia”, que ofrece un catálogo de solucións técnicas para o despregamento de fibra nestas zonas. O documento é o punto de partida para darlle resposta á falta dun procedemento estandarizado para a extensión de fibra en cascos históricos e vai acompañado dunha serie de medidas xurídicas e administrativas para facilitar os despregamentos.

O catálogo, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o operador público Retegal e a Dirección Xeral de Patrimonio detalla opcións viables e compatibles coa conservación destes espazos como o trazado por cornixa coa colocación estratéxica das caixas de conexións soterradas ou en interiores ou; o soterramento da solución completa ou o despregamento da fibra óptica a través das redes de saneamento.

Para a elaboración desta catálogo partiuse do caso concreto de Santiago de Compostela e en colaboración co concello e cun equipo multidisciplinar, integrado por arquitectos, enxeñeiros de telecomunicación e técnicos proxectistas especializados en despregues de fibra óptica elaboráronse unha serie de propostas viables e extrapolables a outros conxuntos históricos.

A guía inclúe planos, deseños técnicos e especificacións concretas na que se detallan todos os parámetros arquitectónicos necesarios así como especificacións técnicas das obras e despregamentos de fibra.

Medidas xurídico-administrativas

Xunto coa elaboración e publicación do catálogo a Xunta busca acadar o marco xurídico-administrativo que facilite os despregamentos nos cascos históricos. A propia Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia xa permite a aprobación de solucións compatibles coa extensión de servizos nos conxuntos históricos nos que se determinarán o alcance, características e ámbito destas solucións e actuacións vinculadas á extensión de redes de servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Agora estase a desenvolver, conxuntamente coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o desenvolvemento normativo en base á devandita Lei para garantir a simplificación administrativa dos trámites necesarios para aprobar os proxectos de despregamento.

Ademais, solicitarase ao Goberno do Estado a clasificación dos centros históricos como “zonas brancas” de maneira que poidan concorrer ás axudas estatais de despregamento de fibra.

A falta dunha solución estandarizada para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación en conxuntos históricos estase a converter nunha problemática cada vez máis limitante para a dinamización tanto comercial como de habitabilidade destas zonas. Por iso, tamén se traballará nun catálogo de solucións técnicas compatibles coa protección do patrimonio e o medio ambiente para a tecnoloxía 5G.

AUTORIZADA A TRAMITACIÓN DO DECRETO QUE REGULARÁ O INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICIOS DE MÁIS DE 50 ANOS DE ANTIGÜIDADE

- ***O Consello da Xunta permitiu o inicio da tramitación desta nova ferramenta, pola que tamén se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación do Edificio no cal se inscribirán todas as memorias que se redacten en Galicia***
- ***Aqueles inmobles que contén cun certificado de Inspección Técnica de Edificación (ITE) só deberán completar o informe de avaliación coa parte relativa á accesibilidade e eficiencia enerxética***
- ***Este informe permitirá o coñecemento detallado do estado de conservación do edificio e identifica as posibles reparacións e rehabilitacións, para as cales a Xunta dispón dun orzamento de 12,7 millóns de euros para dúas liñas de axudas de conservación e mellora da eficiencia enerxética***

Os inmobles galegos que teñan 50 anos de antigüidade ou máis deberán contar co informe de avaliación do edificio (IAE). Así se recollerá no decreto polo cal se regulará o IAE, que inicia agora a súa tramitación despois de que o Consello da Xunta autorizase esta mañá o seu inicio. Este informe, que terá que ser elaborado por un técnico competente, servirá para acreditar a situación en que se atopa un edificio en relación co seu estado de conservación, co cumprimento da normativa vixente sobre accesibilidade e co seu grao de eficiencia enerxética.

Esta medida tamén será obrigatoria, ademais de para os edificios de vivendas cunha antigüidade superior a 50 anos, para outros edificios se así o establece a normativa autonómica ou municipal. Non obstante, a antigüidade dos edificios obrigados a obter o IAE poderá ser rebaixada pola normativa municipal.

Tamén se indica que para os inmobles declarados ben de interese cultural, o informe incluírá a avaliación do estado de conservación dos elementos merecentes de protección cultural, mentres que os inmobles que xa contén coa ITE (inspección técnica de edificacións) estes poderán incorporarse ao IAE completando o referido á accesibilidade e eficiencia enerxética.

A elaboración do IAE garántelles aos propietarios de vivendas e ás comunidades de propietarios un coñecemento detallado da situación do inmovible e permite coñecer de forma preventiva as posibles actuacións que sexa necesario realizar para evitar futuras deterioracións que poidan causar danos, tanto aos propios habitantes do inmovible como a terceiras persoas.

Nese sentido, a Xunta ten habilitadas varias liñas de axudas para a execución das reparacións necesarias que se poidan detectar a través do informe, tanto para actuacións de conservación dos inmobles como en materia de eficiencia enerxética e da sustentabilidade das vivendas, ás cales se destinarán máis de 12,7 millóns de euros, ademais dos incentivos que se reservan ás áreas de rehabilitación integral (ARI) e ás ARI do Camiño de Santiago.

O IAE terá unha vixencia de dez anos desde a data da súa emisión, salvo que o concello estableza unha vixencia menor mediante unha ordenanza municipal. A información e o contido que se deberá integrar no IAE está determinado con base na Lei 1/2019, do 22 de abril, que establece que regulamentariamente se determinarán o contido detallado, a estrutura, o alcance e os efectos derivados dos informes de avaliación dos edificios.

O IGVS está a traballar nunha aplicación informática, que estará a disposición dos técnicos, de xeito que se permita a transmisión dos datos do informe ao seu rexistro, co fin de facilitar e homoxenizar este trámite.

Rexistro Galego de Informes

O decreto, que hoxe inicia a súa tramitación, tamén prevé a creación do Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios (Regiae), no cal se inscribirán os IAE e as súas actualizacións, como a emenda das deficiencias en informes desfavorables, as renovacións e cancelacións dos informes previamente inscritos e as revogacións das inscricións consecuencia das revisións ou inspeccións realizadas con posterioridade á inscrición.

O Regiae será público, estará adscrito ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e contará cun servizo de consulta que facilitará aos cidadáns os principais datos do Rexistro e aos concellos toda a información dos edificios do seu ámbito de competencias.

EDUCACIÓN RENOVARÁ A COLABORACIÓN CON 6 ASOCIACIÓN S PARA FACILITAR O COMEDOR ADAPTADO A 180 ESTUDANTES CON DISCAPACIDADES

- ***Nas vindeiras semanas actualizaranse os convenios con outras entidades para o mesmo fin***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renovará os convenios de colaboración con seis entidades dedicadas á atención de alumnado con discapacidade co fin de contribuír ao financiamento da prestación do servizo de comedor adaptado durante o curso 2019/20. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de addendas aos acordos xa establecidos coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace, coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das comarcas do Barbanza e Noia Amigos, coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación A Esperanza do Val Miñor e coa Asociación San Xerome Emiliani.

Ao abeiro desta colaboración, as devanditas asociacións comprométense a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

A Consellería compensará cada trimestre as entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnas/os con discapacidade escolarizados por ditame de Administración educativa. Deste xeito, o investimento total para os seis convenios ascende a 76.896 euros (a mesma que se destinou a estas asociacións para o curso 2018/19), co que se facilitará o servizo a 180 usuarios.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste mesmo sentido, o Consello da Xunta aprobou en semanas pasadas a renovación dos convenios con 13 entidades para a prestación do servizo de transporte escolar adaptado a 314 alumnas e alumnos con discapacidade, cun investimento total superior a 1 millón de euros.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 60.000 EUROS AO ENSINO DA LINGUA E CULTURA GALEGA NA UNIVERSIDADE DE VARSOVIA (POLONIA)

- ***Ao abeiro dun convenio de colaboración entre ambas as institucións, ofertaranse materias optativas e de libre elección para os alumnos ata o 2022***
- ***Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais***

A Consellería de Cultura e Turismo renovará a súa colaboración coa Universidade de Varsovia (Polonia) para promocionar a lingua galega no ámbito académico do centro, así como na súa área de influencia, a través dun convenio que se estenderá ata 2022 por un importe de preto de 64.000 euros.

Deste xeito, o acordo permitirá dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo da Facultade de Neofiloxía. Esta actividade docente traducirase en ofertar, con carácter optativo para os alumnos da dita facultade e de libre elección para os alumnos das demais titulacións impartidas na Universidade, as materias de lingua galega I, II, III e IV, semestrais e cunha carga lectiva de dúas clases semanais de 90 minutos cada unha; Cultura Galega I (xeografía, historia e antropoloxía) e II (literatura, cine e música), semanais e cunha carga lectiva dunha clase semanal de 90 minutos cada unha; e de Literatura Galega e Tradución, semestral e cunha carga lectiva dunha clase semanal de 90 minutos cada unha.

O convenio permanecerá vixente ata o ano 2022. Nese tempo organizaranse, ademais, actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios ou congresos, entre outros, e manterase a contratación dun lector de lingua, literatura e cultura galegas que estará baixo a dirección do responsable do Centro de Estudos Galegos.

A lingua galega, presente en 35 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais. Dentro delas, 27 contan con lectores -licenciados en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización, etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

A XUNTA DESTINA 478.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE CARÁCTER SOCIOSANITARIO

- ***O obxectivo é a realización de actividades complementarias no proceso de atención e rehabilitación de persoas asociadas ao alcoholismo e outras adiccións sen substancia, dano cerebral adquirido, enfermidades raras ou parálise cerebral, entre outros***
- ***Con estes programas, o Sergas pretende axudar a aumentar a autonomía deste tipo de pacientes, paliar as súas limitacións e favorecer a súa rehabilitación e integración***
- ***Entre as novidades desta convocatoria destaca a incorporación de novos criterios de valoración como a porcentaxe de persoal da entidade con discapacidade, vítimas de violencia de xénero e maiores de 45 anos, entre outros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a orde da Consellería de Sanidade pola que se convocan as subvencións de programas sociosanitarios por valor de 478.00 euros para os anos 2019 e 2020.

O obxectivo destes programas é a realización de actividades complementarias no proceso de atención e rehabilitación de persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria asociadas ao alcoholismo e outras adiccións sen substancia e ludopatía. Tamén ao dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema e enfermidades neurodexenerativas.

A orde establece as bases que regulan as subvencións destinadas ás entidades privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario. Ademais, é obxectivo destes programas colaborar e cooperar coas entidades para desenvolver e xestionar eses programas. O Sergas pretende que estes programas axuden a aumentar a autonomía deste tipo de pacientes, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e favorecer a rehabilitación e integración deses colectivos con especiais necesidades de atención sociosanitaria.

Con respecto a anteriores convocatorias, a novidade máis importante desta convocatoria é que a subvención pasa a ser bianual, co obxectivo de garantir a continuidade dos programas subvencionados. Tamén se incorporan novos criterios de valoración como a porcentaxe de persoal da entidade con discapacidade, vítimas de violencia de xénero e maiores de 45 anos. Ademais, teranse en conta os programas que se desenvolvan en áreas rurais ou onde exista dispersión xeográfica e a innovación no seu desenvolvemento.

O pasado ano 2018 esta convocatoria de subvencións beneficiou 30 entidades sen ánimo de lucro e permitiu atender máis de 3.800 persoas. A tramitación deste tipo de subvencións iniciouse nos anos 1999 e 2000 destinada á realización de programas de prevención do alcoholismo. A partir do 2010 abriuse o abano, progresivamente, a novos colectivos (dano

cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria e ludopatía, respectivamente) e pasou a ser unha orde dirixida á realización de programas de carácter sociosanitario.

UN TOTAL DE 250 AXENTES DA POLICÍA AUTONÓMICA ESTARÁN DESPREGADOS POLOS MONTES GALEGOS PARA LOITAR CONTRA OS LUMES NA TEMPADA DE VERÁN

- ***Os axentes estarán despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter os autores dos lumes, ademais de levar a cabo un labor preventivo e disuasorio***
- ***Este ano, os axentes contan con 61 todo terreos, 33 turismos camuflados e oito motos de montaña***

O Consello da Xunta deu hoxe e prazo ao informe da Policía autonómica sobre a previsión de recursos no Pladiga 2019, polo cal a Policía autonómica desprega 250 efectivos polos montes galegos para prever e investigar os lumes no territorio da Comunidade Autónoma galega.

O persoal da Policía autonómica, tal e como vén facendo nos últimos anos, centrará os seus esforzos e a súa actividade en que se poida reducir o número de lumes, pero tamén para que se produza a detención ou imputación dos seus autores, sexan de carácter intencionado ou negligente, mantendo sempre as dúas premisas que se seguirán desde a perspectiva policial, que son controlar a posible actividade incendiaria e deter as persoas que resulten autoras dos lumes, de acordo coas pautas recollidas no Pladiga 2019.

No marco do Plan anual contra os incendios forestais-Pladiga-, a Policía autonómica establece unha planificación global de traballo, tanto en actividades preventivas como de investigación, que se potencia nos meses de xullo, agosto e setembro, ademais das épocas excepcionais nos casos de vagas de lumes.

Deste xeito, este ano en colaboración e sempre coordinados co resto dos corpos de seguridade, incentívase a presenza activa das patrullas nas zonas que lles son asignadas, así como a investigación de todas as circunstancias que poidan concorrer naqueles lumes que se produzan, identificando e detendo os seus autores. Ademais, para dar unha resposta policial efectiva, estes axentes contarán con sesenta vehículos todo terreo.

Para dar unha resposta policial axeitada e efectiva, cóntase con vehículos e motocicletas todo terreo repartidos en todas as sedes da Policía, de xeito que permitan a súa utilización na prevención e loita contra os incendios forestais, alá onde estes se produzan. En 2019 incrementáanse estes recursos en máis dun 7%, salientando a renovación producida no parque móbil da unidade, polo que os axentes contarán este ano con 61 todo terreos, 33 turismos camuflados e 8 motos todo terreos.

A XUNTA PROMOVERÁ 264 CURSOS PARA QUE 2800 TRABALLADORES E DESEMPREGADOS RECIBAN UNHA FORMACIÓN Á MEDIDA DAS NECESIDADES DO MERCADO LABORAL

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 5,26M€ nas unidades formativas, iniciativa en que se impartirá cualificación especializada adaptada á realidade das empresas galegas***
- ***A través de 122 unidades formativas en 31 empresas, formaranse 1.787 desempregados dos cales, como mínimo, obterán un contrato o 40%, é dicir, 715 persoas***
- ***Tamén se realizarán 142 unidades formativas en 57 empresas dirixidas a un milleiro de traballadores***
- ***Desde a súa posta en marcha o ano pasado, a Xunta está investindo 12,7M€ neste programa co cal se financia o 100% dos 690 cursos impartidos a 7.157 persoas***
- ***Esta iniciativa permitiu a inclusión de 41 novas especialidades, por proposta do tecido empresarial galego, no catálogo formativo do Servizo Público de Emprego Estatal***
- ***A actuación enmárcase na Axenda 20 coa cal a Xunta está impulsando o emprego estable e de calidade***

O Goberno galego porá en marcha nas próximas semanas 264 unidades formativas en 88 empresas galegas para cualificar á carta 2.800 traballadores e persoas desempregadas. O Consello da Xunta informou hoxe da resolución da convocatoria deste programa no cal a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 5,26 millóns de euros.

Esta iniciativa, con que se financia o 100% da formación, permitirá atender as demandas do tecido produtivo galego, xa que a Administración autonómica apoia unha formación adaptada e axustada ás súas necesidades. Trátase do único programa do Estado que ofrece formación á carta dirixido ao tecido empresarial. Sumando esta resolución á do ano pasado, a Xunta está investindo 12,7M€ para apoiar 690 cursos e chegar a 7.157 persoas.

Unidades para desempregados

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha banda, apoiará a formación de 1.787 desempregados a través dun investimento de 3,7 millóns de euros, co cal se porán en marcha 122 unidades formativas en 31 empresas. Esta actuación inclúe por parte do tecido empresarial un compromiso de contratación de polo menos o 40% dos alumnos e alumnas que participen na medida.

A Xunta, ademais, apoiará as compañías nas contratacións cando superen o compromiso fixado do 40%, é dicir, como mínimo, 715 persoas. Os contratos indefinidos financiaranse con axudas de entre 7.000 e 16.000 euros. As contías máximas outórganse para os colectivos con especiais dificultades para atopar un emprego, como son os parados de longa duración, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, mulleres, maiores de

45 anos e emigrantes retornados. Tamén se bonifica con máis apoio nas contratacións cando a empresa está situada no rural galego.

Por proposta das propias firmas, deseñáronse 9 programas de formación á carta que foron aprobados polo Estado. Así, grazas á iniciativa da Xunta, haberá 9 novos itinerarios formativos, adecuados ás necesidades produtivas, que agora terán validez en toda España, que se suman aos 32 da anterior convocatoria.

Os principais sectores onde se impartirá formación á carta para desempregados son a automoción, con 990 prazas, pero tamén as actividades vinculadas á carpintaría metálica e estruturas metálicas, con 60 prazas.

Unidades para ocupados

A Administración autonómica, doutro lado, apoiará cun investimento de 1,4 millóns de euros a posta en marcha de 142 unidades formativas para cualificar 1.010 traballadores en 57 empresas. Nesta liña, as empresas debían pertencer a algún dos sectores considerados estratéxicos na Axenda Industria 4.0. Así, destacan as 197 prazas no eido da automoción, as 188 do naval ou as 181 no sector das TIC.

Tanto as unidades formativas para ocupados como para desempregados, coas cales se ofrece formación á carta, adaptada ás necesidades que require o mercado de traballo actual, forman parte da Axenda 20 para o emprego, coa cal a Xunta está impulsando unha inserción laboral de calidade; e da Axenda Industria 4.0, que ten como un dos seus retos principais que o sistema formativo se oriente á realidade da industria, é dicir, á revolución tecnolóxica en que está inmerso o tecido produtivo galego.

A XUNTA SOLICITA AO GOBERNO QUE NA SÚA PLANIFICACIÓN ELÉCTRICA INCLÚA COMO PRIORITARIAS A SUBESTACIÓN DE VIGO E AS INSTALACIÓNS PENDENTES PARA GARANTIR A CHEGADA DO AVE A GALICIA

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria presenta á REE as propostas que debe incluír na planificación da Rede de transporte para o período 2021-2026 para mellorar a calidade do servizo e favorecer a instalación de enerxías renovables***
- ***Considérase estratéxico incrementar a tensión eléctrica na cidade viguesa ata os 220kV para certificar unha correcta subministración e abaratar os custos de peaxes da industria local, como é o caso de PSA en Balaídos***
- ***Esta iniciativa xa estaba recollida no Plan nacional vixente para 2015-2020, pero tras o cambio de Goberno en 2018, o Executivo actual non seguiu adiante co proxecto***
- ***As recomendacións realizadas desde Galicia inclúen, ademais, a programación das infraestruturas de evacuación necesarias para alcanzar os 9000MW de enerxía eólica e atender así as demandas do sector***
- ***A Administración autonómica tamén recolle a posta en marcha das subestacións e liñas de alta tensión precisas que aínda non se executaron para garantir a calidade da subministración eléctrica na alta velocidade***

O Consello da Xunta avaliou hoxe as propostas que a Administración autonómica remitiu á Rede Eléctrica de España (REE) para que o Goberno as inclúa como actuacións prioritarias para Galicia na planificación da Rede de transporte de enerxía eléctrica para o período 2021-2026. Entre as principais iniciativas recollidas están a necesidade de construír a nova subestación en Vigo, para garantir a correcta subministración enerxética á cidade e abaratar os custos de fabricación de vehículos por parte de PSA en Balaídos; levar a cabo a instalación de todos os equipamentos que quedan pendentes para que exista unha completa electrificación do trazado do AVE na nosa Comunidade, e desenvolver as subestacións e liñas de evacuación precisas para a posta en marcha de todos os parques eólicos previstos nos próximos anos.

As medidas presentadas pola Xunta de Galicia –a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria– ante a REE para que se recollan na futura planificación enerxética estatal a partir de 2021 céntranse na procura de tres obxectivos: desenvolver unha loita eficaz contra o cambio climático; impulsar a economía verde en Galicia co incremento das cotas de electrificación e, polo tanto, do emprego das enerxías renovables, e responder aos novos retos que se presentan neste ámbito, como o autoconsumo e a xeración distribuída, e a implantación da mobilidade eléctrica.

Para garantir un mellor servizo eléctrico en Galicia, tanto no que se refire á seguridade da subministración como á redución de perdas de enerxía durante o seu transporte, entre as actuacións que a Xunta clasifica como prioritarias está a nova subestación de Vigo. Deste xeito, a cidade e o seu contorno pasarían dunha tensión actual de 132kV a contar con 220kV. De recoller REE esta iniciativa na nova planificación e de ser aprobada

posteriormente polo Goberno, sería posible atender os futuros incrementos da demanda programados na cidade e na Zona Franca, así como reducir os custos de peaxes das industrias, entre as cales se atopa PSA en Balaídos.

Esta demanda da Xunta si foi incluída polo anterior Executivo de España na planificación da rede eléctrica que existe actualmente e coa previsión de levarse a cabo no ano 2020. O cambio de goberno en 2018 provocou que non se continuase adiante co proxecto da subestación de Vigo por parte do actual Executivo, que quedou paralizado. Ante esta situación, en novembro do ano pasado, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, trasladou á ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, a importancia de conectar a factoría de PSA en Balaídos á rede de transporte de 220kV.

Energías renovables

A Xunta tamén quere seguir impulsando o seu compromiso coas enerxías limpas en Galicia. Neste sentido, con 18 parques eólicos en construción, aos cales se sumarán novos proxectos que están na última fase de tramitación administrativa, a previsión é rematar 2020 con 4000MW de enerxías renovables en funcionamento na Comunidade.

A situación que atravesamos este sector tras a posta en marcha da Lei de implantación empresarial –que reduce á metade os prazos de tramitación dos proxectos declarados de especial interese– e as últimas poxas de renovables permiten prever que a instalación de parques eólicos seguirá medrando durante a próxima década. Por este motivo, ás infraestruturas de evacuación xa programadas na planificación 2015-2020 para acadar os 6700MW, a Xunta acaba de solicitar ao Goberno que inclúa 2300MW máis no período 2021-2026. Deste xeito, Galicia podería alcanzar os 9000MW e atender toda a demanda que propón actualmente o sector eólico galego.

Alta velocidade

A terceira das iniciativas que o Goberno galego considera estratéxica é a execución das infraestruturas coas que quedaría comprometida a chegada do AVE a Galicia nas condicións adecuadas quedaría completada así a súa electrificación.

Proceso de tramitación do novo plan

A nova planificación da rede de transporte ten como obxectivo identificar as necesidades de modernización e desenvolvemento de novas infraestruturas para, deste xeito, garantir a subministración eléctrica en todo o Estado.

O proceso de redacción do plan, unha vez que as comunidades autónomas teñan presentadas as súas iniciativas para o período 2021-2026, entra na fase de estudos técnicos e de elaboración da proposta inicial por parte de Rede Eléctrica de España, que terá seis meses para remitila ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, que, pola súa vez, a porá á disposición das comunidades por se precisan realizar alegacións a este primeiro texto.

A continuación, REE elabora a súa proposta definitiva para que o Ministerio poida redactar o plan de desenvolvemento da Rede de transporte de enerxía eléctrica, que incluírá unha

declaración ambiental estratéxica –para a cal tamén se abrirá un período de alegacións–. Finalmente, a nova planificación eléctrica, tras ser sometida ao Congreso dos Deputados, terá que ser aprobada polo Goberno central ao longo do próximo ano xa que debe entrar en vigor en 2021.

Directrices enerxéticas

A Consellería de Economía, Emprego e Industria agarda que o Goberno central teña en conta estas peticións para dar continuidade ao traballo que se está a realizar desde Galicia a prol do aproveitamento do seu potencial enerxético a partir de fontes renovables. A Xunta está a desenvolver este crecemento económico sustentable a través das directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, coas cales se impulsa a colaboración público-privada para investir máis de 3000 millóns de euros e permitir a creación de 12.000 empregos neste sector.

Dentro deste compromiso polo aforro e a eficiencia enerxética, cómpre lembrar que o próximo 17 de xuño se abrirá a convocatoria do programa de axudas do Plan Moves, dotado en Galicia con 2,6 millóns de euros para impulsar a compra de 500 vehículos eléctricos ou alternativos (gas natural ou gas licuado de petróleo). Ese mesmo día rematará o prazo para presentar solicitudes á orde de axudas de autoconsumo eléctrico que está dirixida a administracións locais, universidades, entidades sen ánimo de lucro e empresas (tanto grandes como pemes), un programa para o cal a Xunta destina 1,5 millóns.